

A graphic element consisting of a large white right-pointing arrow and a large black diagonal slash, positioned on the left side of the slide.

Eficiencia  
do programa  
Acceder



**a**

ta agora, cos resultados presentados amosouse a eficacia do programa Acceder, mostrando a capacidade de lograr os obxectivos planeados de consecución de empregos, de acceso á formación, vinculando ás persoas xitanas cos recursos de emprego, promovendo servizos e políticas mais activas cara a comunidade xitana. Pero é necesario tamén, coñecer se todos estes resultados se realizaron utilizando os mellores medios posíbeis, é dicir, considerar a eficiencia do Programa Acceder.

Para analizar a eficiencia do Programa Acceder en relación cos obxectivos programados, é necesario elaborar un cálculo onde se poña en relación os recursos dispoñíbeis e os resultados obtidos. Trátase, principalmente, de determinar se a combinación dos recursos financeiros, técnicos e humanos aplicados, permitiu maximizar os resultados logrados. O concepto de “recurso” enténdese en sentido amplo: os recursos humanos que traballaron na operación, os coñecementos e capacidades postos a disposición, o tempo transcorrido e os medios financeiros consumidos.

Para iso, utilizouse un *Indicador Xeral de Eficiencia*, onde os obxectivos programados, así como o orzamento inicial, se poñen en relación cos obxectivos realmente atinxidos e o custe real do Programa nas rexións Obxectivo 1.

$$\text{Indicador Xeral de Eficiencia (B)} = \frac{L \times T_p \times C_p}{M \times T_r \times C_r}$$

L (Pessoas usuarias previstas inicialmente): 15.000

Tp (Tempo programado): 7 años

Cp (Custe programado): 21.720.900 €

M (Pessoas atendidas) 23.883\*

Tr (Tempo efectivamente invertido en lograr los obxectivos): 4 años

Cr (Custe real): 38.879.158 €\*\*

O Indicador se interpreta da seguinte maneira: inicialmente no ano 2000 prevíase que 15.000 persoas pasasen polo programa; esta cifra atinxiu finalmente os 23.883. Estimábase que farián falta sete anos para conseguir ese número de participantes e o tempo investido foi de catro anos. O custe inicial programado ascendía a 21.720.900 € para o conxunto de rexións Obxectivo 1. O custe real foi cifrado en 38.879.158 €.

As diferenzas entre o custe programado (Cp) e o custe real (Cr) non é debido a un aumento de gasto, nin a unha deficiente orzamento inicial, se non unha ampliación orzamentaria que se realizou a metade de período por parte do Fondo Social Europeo, como resultado dunha avaliación intermedia onde se identificaba á Fundación Secretariado Xitano como un dos xestores “exemplo de boas prácticas”. Ademais, o aumento da dotación orzamentaria traduciuse nun aumento de presenza en localidades coa apertura de 14 novos dispositivos.

Tendo en conta todas estas variables: recursos humanos; e recursos financeiros e materiais consumidos, os resultados atinxidos e o logro das metas establecidas concluímos que o programa Acceder foi xestionado de maneira altamente eficiente, e aproveitou ao máximo os recursos humanos e financeiros postos á súa disposición, atinxindo un nivel de eficiencia do 160% (sendo o 100% a eficiencia óptima dun programa, e calquera valor por encima denotaría unha eficiencia positiva).

**“ A formación é fundamental para obter un traballo digno ”**

**Sara Díaz Giménez.** Busca activamente emprego e formación.

Sara Díaz ten 25 anos. Quitou o título de graduado escolar por libre. Participou activamente na Escola Taller no módulo de xardinería, actividade que lle facilitou o acceso a un traballo no Concello de Pontevedra. Apostou pola formación ao longo da súa vida, con cursos de camareira, caixeira de supermercado, empregada de fogar, etc. Traballou en hostalería, nunha lavandería industrial, como xardineira, e como limpadora, “Con só 25 anos creo que xa teño unha experiencia laboral considerable, que por suposto penso seguir aumentando”. Actualmente busca emprego e formación para seguir ampliando a súa experiencia. “Encantaría que as mulleres “desen un paso adiante”, que cresen en si mesmas e que se animasen a mellorar a súa situación, que si que se pode!”.

